

2010

MEMORIA*****

INFORME DO REITOR*****
***** UNIVERSIDADE
AO CLAUSTRO***** DA CORUÑA

© Universidade da Coruña

Gabinete do Reitor

D.L.: C 960-2010

Imprime: Tórculo, S.A

Prólogo

Este **Informe de xestión de 2010** para o Claustro pon ao dispor dos representantes da comunidade universitaria un instrumento imprescindible para coñecer a situación da Universidade da Coruña en todos os seus ámbitos de actuación.

A información, recollida en máis de 250 páxinas e máis de 200 gráficos e táboas, devólvenos unha imaxe moi precisa da xestión de goberno ao longo do ano 2010, así como os indicadores necesarios para obter unha fotografía fiel da actividade docente e científica que se desenvolveu nos nosos campus nos últimos meses.

Á marxe das condicións ambientais conxunturais (políticas ou económicas) que inciden no desenvolvemento da Universidade da Coruña, o acontecer diario nútrese dunha moi ampla listaxe de accións e actividades que non por cotiás ou, se se quere, rutinarias, deixan de marcar o pulso da nosa comunidade universitaria. Moitas delas reflíctense aquí nas táboas onde se fai balance das accións dos servizos en que se estrutura a administración universitaria.

Por suposto, recóllense tamén os datos, de tendencia positiva, sobre a produción científica e a nosa

capacidade de captar recursos para a investigación, así como sobre a actividade dos tres centros tecnológicos actualmente en funcionamento e as iniciativas para estimular a transferencia á sociedade dos resultados da investigación.

Sen dúbida, o peche do proceso de transformación das titulacións para adaptalas á nova estrutura de grao/mestrado/doutoramento foi un dos acontecementos máis importantes do ano, tanto pola súa transcendencia en si como polas enerxías que absorbeu, especialmente significativas e dignas de recoñecemento no caso dos responsables dos centros e departamentos.

De xeito paralelo, non puidemos esquecer, e así o manifestamos ao longo do ano, a fonda preocupación da UDC pola aplicación de criterios restritivos para o financiamento dun servizo público de carácter tan estratéxico como o que cumpren as universidades. Unhas restricións que afectan, por exemplo, á calidade da docencia, á capacidade investigadora, ao desenvolvemento do Parque Tecnolóxico, á execución de infraestruturas fundamentais ou á política de persoal.

José María Barja
Reitor